



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2023/10240.- Aprobación bases II Certame “Fondo de proxectos culturais Reino de Galicia 2023”

II Certame “Fondo de proxectos culturais Reino de Galicia 2023”

O coñecemento e socialización colectiva e compartida do pasado, da propia historia, veu constituíndo unha das liñas de acción cultural e educativa máis relevantes dos poderes públicos en calquera sociedade e época.

As circunstancias históricas e políticas fixeron que na construción e difusión social da explicación do pasado propio Galicia carecese de ferramentas capaces de garantir a investigación, a fixación, o ensino e a reprodución do coñecemento neste campo. Aínda hoxe segue a ser unha carencia notable no que atinxe a determinados ámbitos. Nas décadas dos 70 e 80, por exemplo, a historia medieval de Galicia apenas existía nos plans de estudo da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago, e cando aparecía nunca era desde o enfoque do estudo da historia política. Xeracións de alumnos e alumnas formáronse con base nuns contidos en que existía con centralidade o relato político construído da Historia de España (íberos, visigodos, reconquista, Reis Católicos, Austrias, Borbóns), mais onde non tiña cabida o nacemento, consolidación e desaparición do Reino medieval de Galicia, desde a Galicia sueva até a división provincial de Javier de Burgos en 1833. Só a partir dos anos 90 esta situación comeza a mudar, grazas fundamentalmente ao traballo entusiasta de persoas historiadoras e ensaístas que sinalan nas súas publicacións a necesidade de poñer o foco sobre a historia medieval galega, verdadeira época de esplendor social, cultural e económico que, porén, se mantíña oculta á sociedade galega actual.

A Deputación da Coruña, desde o exercicio das súas competencias no ámbito da cultura, quere contribuír con esta convocatoria e con outras iniciativas que vai desenvolver nos anos vindeiros a combater a desmemoria e o esquecemento sobre o pasado medieval de Galicia. A sociedade galega actual precisa coñecer o seu pasado para comprenderse mellor na actualidade e poderse pensar con máis capacidade cara o futuro. A propia existencia e as relacións galegas con Portugal, os porqués da inventio da tumba do Apóstolo Santiago, o feito de que reis de Castela, Toledo ou León escribisen en galego e que nesta lingua florecese a expresión literaria máis relevante e culta do medievo peninsular, as tensións políticas e sociais do século XIV e XV, a conformación do Reino svevo de Galicia como o primeiro reino europeo, a verdadeira natureza histórica de figuras como Pardo de Cela, Xelmírez ou Don García, a revolta burguesa das Irmandades contra o poder feudal dos señores ou a propia existencia na actual Catedral de Santiago dun Panteón Real son algúns dos moitos elementos que nos interpelan aínda hoxe como sociedade, á espera de a través deles podermonos coñecer, recoñecer e interpretar de maneira máis consciente e rigorosa, á marxe de caricaturas ou paradigmas instalados durante séculos.

Co obxectivo de contribuír á socialización do coñecemento e do interese pola historia, as figuras, os lugares e os momentos do Reino medieval de Galicia, continuando coa iniciativa posta en marcha no ano pasado, a Área de Cultura da Deputación da Coruña convoca o II Certame Fondo de proxectos culturais Reino de Galicia, de acordo ás seguintes:

BASES

Primeira.- Obxecto.

A convocatoria deste certame ten por obxecto a promoción da realización de proxectos de carácter cultural que contribúan ao coñecemento e divulgación do Reino medieval de Galicia.

Apoiaranse proxectos de todo tipo de soportes e formatos: libros, discos, publicacións divulgativas, audiovisuais, espectáculos ao vivo, exposicións, congresos e xornadas, materiais de merchandising, contidos dixitais, murais e intervencións urbanas, contidos lúdicos, etc

Canto aos contidos, poderán estar centrados na historia do Reino de Galicia como tal ou en aspectos particulares e vinculados directamente a este (figuras históricas, espazos, épocas...).

Poderán presentarse á convocatoria proxectos que se vaian desenvolver do 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de marzo de 2024.

Non se admitirán proxectos que supoñan unha continuidade ou fases sucesivas de proxectos xa premiados na anterior convocatoria.

Non poderán participar as persoas físicas ou xurídicas que fosen premiadas no ano 2022 noutros premios ou certames convocados polo Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes.

Todos os proxectos deberán empregar a lingua galega como lingua vehicular, sen que iso impida que os contidos tamén poidan estar noutras linguas.

Do mesmo xeito, os proxectos usarán unha linguaxe inclusiva e con perspectiva de xénero nos seus textos e comunicacións.

Estes premios son incompatibles con calquera outra axuda da Área de Cultura de Deputación da Coruña para o mesmo proxecto.

Segunda.- Persoas ou entidades destinatarias.

Poderán presentar os seus proxectos as persoas físicas ou xurídicas con sede social permanente no territorio galego e que estean legalmente constituídas no momento de facer a solicitude como empresa, entidade de economía social ou persoa traballadora autónoma.

Cada empresa, entidade de economía social ou persoa traballadora autónoma só poderá presentar unha solicitude. Esta limitación aplícase ás persoas físicas que formen parte de empresas ou entidades, de xeito que non poderán presentar máis dun proxecto.

A convocatoria tramitarase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática as persoas solicitantes deberán dispor de:

- * certificado dixital.
- * un único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán a s comunicacións.

Terceira.- Dotación.

O Fondo de proxectos culturais Reino de Galicia 2023 ten unha dotación de 200.000 €.

Convócanse **vinte** premios, por un importe máximo de **10.000 €** cada un; en función do orzamento do proxecto seleccionado, o importe do premio poderá ser menor.

Os premios poderán quedar desertos e o seu importe está suxeito ás retencións legais que lle sexan aplicables.

Os premios non poderán concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse se a persoa beneficiaria falecese despois da decisión do xurado (no caso de persoas físicas).

Cuarta.- Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta o proxecto.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Quinta.- Documentación.

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

A) Documentos e declaracións:

- * Tarxeta do NIF da entidade/persoa solicitante.
- * Estatutos da entidade ou escritura de constitución da empresa, adaptados á lexislación vixente.
- * Certificación de situación no censo de actividades económicas da AEAT, na data da solicitude.

- * Acreditación da inscrición no Réxime Especial de traballadores/as autónomos ou entidades de economía social e/ou empresas na data da solicitude.
- * Nomeamento da persoa representante para a súas relacións coa Deputación da Coruña.
- * Poder suficiente da persoa representante e asinante da solicitude para actuar en nome da entidade/ persoa solicitante.
- * No caso de persoas xurídicas: declaración responsable de que os seus socios, membros ou traballadores non concorren á mesma convocatoria.
- * Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que consten na solicitude, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- * Declaración de que a persoa ou entidade solicitante mantén unha actividade continuada desde o inicio do proxecto.

B) Memoria explicativa que inclúa:

- * Nome da persoa ou entidade que formula a solicitude.
- * Nome da persoa representante.
- * Título e resumo explicativo breve da proposta presentada (máximo 20 liñas)
- * Descrición do proxecto: nome/título, obxectivos, contidos e actividades, desenvolvemento previsto, persoas ou segmentos destinatarios, calendarización prevista.
- * Plan de comunicación e difusión social do proxecto.
- * Listaxe de patrocinios confirmados, a través de carta ou documento que o acredite, e no que figure o valor económico ou natureza do patrocinio.
- * Documento explicativo do soporte científico do proxecto: fontes historiográficas, asesoramento científico, etc.
- * Declaración das fontes de financiamento do proxecto (achega de recursos propios, subvencións, patrocinios, outros recursos externos, etc).
- * Orzamento total do proxecto, detallado por partidas, con e sen IVE.
- * Importe total solicitado, detallado por partidas, con e sen IVE.

Sexta.- Xurado

O xurado estará presidido polo deputado de Cultura e formarán parte del tres persoas expertas propostas por el.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no Capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

O xurado actuará en pleno, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución será aplicado o disposto no Art. 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas será estendida a acta correspondente.

O xurado poderá declarar deserto/s o/s premio/s, e a proposta que formule será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación.

A decisión do xurado será inapelable e será dada a coñecer na páxina web da Deputación.

Sétima.- Concesión.

O xurado valorará todos os proxectos presentados.

O xurado informará sobre a adecuación ás bases da convocatoria de todos eles; no caso de existir dúbida sobre algún proxecto, o xurado tomará por maioría simple e con motivación argumentada a decisión de manter ou excluír o proxecto en cuestión.

Logo deste primer exame, e con base na análise da cada unha das memorias, o xurado valorará cada un dos proxectos tendo en conta os seguintes criterios:

*** Calidade, rigor, sustentabilidade e solvencia do proxecto: ata 30 puntos.**

Valorarase a coherencia e adecuación orzamentaria do proxecto en relación aos seus contidos, a calidade e interese da proposta e a solvencia das persoas ou equipas que participen nel, o rigor no deseño da proposta e na proposta de desenvolvemento en relación aos obxectivos e segmentos destinatarios.

*** Interese do proxecto para a difusión social da existencia do Reino de Galicia: ata 30 puntos.**

Valorarase a capacidade de contribución do proxecto ao coñecemento social e divulgación do Reino medieval de Galicia. Terase en conta o impacto social, a capacidade de reclamo e repercusión, a efectividade divulgativa en públicos non académicos, o uso de estratexias de divulgación social en redes sociais, etc

*** Innovación: ata 10 puntos.**

Valorarase a capacidade do proxecto para incorporar estratexias, metodoloxías ou contidos e soportes que abran campos de traballo, desenvolvan liñas de acción non transitadas, resolvan carencias de contidos e materiais ou definan novos modelos de coñecemento e difusión da nosa historia medieval.

*** Capacidade dinamizadora: ata 15 puntos.**

Valorarase a capacidade que teña o proxecto para, a partir do seu desenvolvemento, ser un elemento capaz de dinamizar, inducir, impulsar ou facer medrar o interese en novas iniciativas e proxectos vinculados á temática do Reino de Galicia.

*** Enfoque social: ata 15 puntos.**

Valorarase a capacidade do proxecto para a creación de emprego, a presenza de perspectiva de xénero, o coidado e corrección lingüística dos contidos, a incorporación de elementos garantes da accesibilidade (subtitulados, lingua de signos, formatos accesibles, adaptación dos espazos ou recursos físicos, etc)

Oitava.- Pago.

O pago dos premios realizarase en dous prazos:

* Primeiro prazo, polo 70% do premio, en concepto de anticipo, unha vez concedido o premio, nun prazo máximo de dous meses a partir da data de resolución deste certame.

* Segundo prazo, polo 30% do premio, despois de que o xurado verifique que o proxecto desenvolveuse tal e como fora presentado e premiado nesta convocatoria.

Para os efectos da dita comprobación, as persoas ou entidades premiadas deberán presentar antes do 30 de abril de 2024 a seguinte documentación:

Os proxectos de formato físico demostrarán o desenvolvemento a través de:

- * informe sobre o desenvolvemento do proxecto, acompañado de toda a documentación gráfica, me diática, etc que respalde o contido deste.
- * declaración da empresa, entidade de economía social ou persoa autónoma de ratificación do desenvolve-mento do proxecto.
- * entrega de cinco exemplares de cada un dos produtos elaborados dentro do proxecto.

Os proxectos de formato virtual, escénico ou presencial demostrarán o desenvolvemento a través de:

- * informe sobre o desenvolvemento do proxecto, acompañado de toda a documentación gráfica, me diática, etc que respalde o contido deste.
- * declaración da empresa, entidade de economía social ou persoa autónoma de ratificación do desenvolve-mento do proxecto.
- * un dossier cos materiais audiovisuais, as ligazóns a contidos dixitais e outro tipo de contidos que mostren o desenvolvemento do proxecto.

Todos os proxectos deberán incluír nos produtos, información e difusión os logotipos da Deputación da Coruña e de A Cultura é un dereito.

O incumprimento do prazo previsto para demostrar o desenvolvemento do proxecto premiado, así como o informe desfavorable do xurado, suporá a devolución do importe cobrado en concepto de anticipo, xunto cos xuros de demora que se producen dende a data do pago do anticipo ata o día no que se acorde a procedencia do reintegro ou na data que se realice a devolución do importe do anticipo, se é anterior a ésta.

Novena.- Aceptación das bases.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Décima.- Protección de datos.

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación coa finalidade de tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña e o encargado será a empresa contratada pola Deputación provincial para coordinar o premio, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. A Deputación conservará estes datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para calquera outra dúbida poderá dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal

A Coruña, 15 de marzo de 2023

O presidente,.

Valentín González Formoso

A secretaria xeral,

M^a Amparo C. Taboada Gil

2023/1865